

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

11796 *Corrección de erros do Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.*

Advertido erro no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao nº 244, do 11 de outubro de 2013, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Substitúese o anexo I «Parámetros indicadores da calidade da auga» polo seguinte:

ANEXO I

PARÁMETROS INDICADORES DA CALIDADE DA AUGA

Parámetro	Valor paramétrico	Unidades	Notas	Condições para o peche do vaso
pH	7,2 – 8,0		Cando os valores estean fóra do rango, determinarase o índice de Langelier, que deberá estar entre -0,5 e +0,5.	Cando os valores estean por debaixo de 6,0 ou por riba de 9,0, pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Temperatura	24 – 30 °C ≤36 °C en hidromasaxe	°C	Só no caso de vasos climatizados.	Cando en vasos climatizados os valores superen 40 °C, pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Transparencia	Que sexa ben visible o desaugadoiro do fondo			Cando non se poida distinguir o desaugadoiro do fondo ou o disco de Secchi.
Potencial redox	Entre 250 e 900 mV		Medirase cando os desinfectantes sexan distintos do cloro ou do bromo e os seus derivados.	
Tempo de recirculación	Tempos segundo as especificacións e necesidades da piscina para cumprir cos parámetros de calidade	(horas)		
Turbidez	≤5	UNF		Cando os valores superen 20 UNF, pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Desinfectante residual:				
Cloro libre residual	0,5 – 2,0 Cl ₂	mg/l	Controlarase cando se utilice cloro ou derivados do cloro como desinfectante.	En caso de ausencia ou superación de 5 mg/l, pecharase o vaso ata a normalización do valor; en caso de piscinas cubertas, intensificarase ademais a renovación do aire.
Cloro combinado residual	≤0,6 Cl ₂	mg/l	Controlarase cando se utilice cloro ou derivados do cloro como desinfectante.	En caso de superación de 3 mg/l, pecharase o vaso ata a normalización do valor; en caso de piscinas cubertas, intensificarase ademais a renovación do aire.
Bromo total	2 - 5 mg/l Br ₂	mg/l	Controlarase cando se utilice bromo como desinfectante.	En caso de superación de 10 mg/l, pecharase o vaso ata a normalización do valor; en caso de piscinas cubertas, intensificarase ademais a renovación do aire.
Ácido isocianúrico	≤75	mg/l	Controlarase cando se utilicen derivados do ácido tricloroisocianúrico.	En caso superación de 150 mg/l, pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Outros desinfectantes			Segundo o disposto pola autoridade competente.	Segundo o disposto pola autoridade competente.

Parámetro	Valor paramétrico	Unidades	Notas		Condições para o peche do vaso
Indicadores microbiolóxicos					
<i>Escherichia coli</i>	0		UFC ou NMP en 100 ml		En caso de sospeita ou constatación de incumprimento do valor paramétrico, pecharase o vaso e poranse as medidas correctoras oportunas para que non exista un risco para a saúde dos bañistas.
<i>Pseudomonas aeruginosa</i>	0		UFC ou NMP en 100 ml		
<i>Legionella spp.</i>	< 100		UFC/l	Só en caso de vasos con aerosolización e climatizados.	